



**PROTOCOLO DE ACTUACIÓN E ORGANIZACIÓN NOS  
ÓRGANOS XUDICIAIS DO ÁMBITO DO TRIBUNAL SUPERIOR  
DE XUSTIZA DE GALICIA**

*3ª versión actualizada. Texto actualizado e adaptado ao Real decreto 286/2022, do 19 de abril, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 (BOE 20 de abril de 2022), e á Guía de boas prácticas para a reactivación da actividade xudicial e adopción de medidas de saúde profesional para a prevención de contaxios en sedes xudiciais, na versión aprobada pola Comisión permanente do CXPX, na sesión do 22 de abril de 2022.*

Con data do 20 de abril de 2022, publicouse no BOE o Real decreto 286/2022, do 19 de abril, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

A partir da súa entrada en vigor, o 20 de abril 2022, o uso das máscaras deixou de ser obrigatorio en espazos interiores, como regra xeral, pasando a ser unha recomendación de "uso responsable".

No interior dos centros de traballo, con carácter xeral, non resultará preceptivo o uso de máscaras. Con todo, os responsables en materia de prevención de riscos laborais, de acordo coa correspondente avaliación de riscos do posto de traballo, poderán determinar as medidas preventivas adecuadas que deban implantarse no lugar de traballo ou en determinados espazos dos centros de traballo, incluído o posible uso de máscaras, se así se derivase da referida avaliación.

As novas previsións regulamentarias, e á falta de medidas preventivas determinadas polo servizo de prevención de riscos laborais, obriga a modificar, e a adaptar, o noso Protocolo de actuación e organización nos órganos xudiciais no ámbito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segunda versión actualizada, aprobada polo pleno da Sala de Goberno do TSXG, en sesión do 14

de xaneiro 2022.

Para iso tivéronse en conta as modificacións aprobadas pola Comisión Permanente do CXPX, en sesión do 22 de abril de 2022, da Guía de boas prácticas para a reactivación da actividade xudicial e adopción de medidas de saúde profesional para a prevención de contaxios en sedes xudiciais.

Así mesmo, tivéronse en conta as situacións que no ámbito da administración de xustiza poidan incrementar os riscos de transmisión, tal como contempla o Real decreto 286/2022, do 19 de abril.

Todo iso implica a necesidade de acometer a modificación das normas sobre a utilización das salas de vistas (modificación da norma 15 do apartado E —normas sanitarias durante a celebración das actuacións xudiciais—); e das normas sanitarias no uso dos edificios xudiciais: normas 8 e 9 do apartado A (entrada, saída e permanencia no edificio).

## **I. Modificación das normas sobre a utilización das salas de vistas**

E) Normas sanitarias durante a celebración das actuacións xudiciais

A norma 15 queda redactada da seguinte maneira:

Quen exerza a policía de estrados ou dirixa calquera acto xudicial ou gubernativo poderá redistribuír os asentos na sala de vistas para garantir a distancia de seguridade e aconsellar o uso responsable e continuado de máscara.

De non poder garantir a distancia de seguridade —de polo menos 1,5 metros—, se non hai unha adecuada ventilación da estancia ou se asiste unha persoa con síntomas comunmente compatibles coa COVID-19, quen exerza a policía de estrados ou dirixa calquera acto xudicial ou gubernativo, e co fin de evitar a súa suspensión, poderá impoñer o uso da máscara durante todo o tempo de duración do acto. Nestes casos, puntualmente e por razóns excepcionais, se quen interveña na celebración dun acto procesual non pode expresarse coa suficiente claridade ou non pode facerse entender, poderá permitírselle a retirada da máscara parcialmente e durante o instante necesario para emitir a palabra ou frase coa que a persoa se queira expresar, sempre que se respecte a distancia interpersoal.

## **II. Modificación das normas sanitarias no uso dos edificios xudiciais**

A) Entrada, saída e permanencia no edificio

As normas 8 e 9 quedan redactadas da seguinte maneira:

8. Recoméndase o uso responsable e continuado de máscara para o acceso ao edificio xudicial e aos espazos comúns durante todo o tempo de permanencia neles.

9. Recoméndase o uso responsable e continuado de máscara nos despachos e oficinas do edificio xudicial.

## **III. Publicidade das novas medidas**

Á entrada de cada sede xudicial colocárase en lugar visible un cartel indicativo destas medidas, e farase conforme o modelo que se achega como anexo I, adaptado ás circunstancias específicas de cada órgano xudicial.

Así mesmo, á entrada de cada sede xudicial, das salas de vista, das oficinas xudiciais e demais lugares que considere conveniente o responsable do edificio, colocárase en lugar visible un cartel indicativo de que se recomenda o uso responsable e continuado de máscara, e farase conforme o modelo que se achega como anexo II.

## **IV. Vixencia das demais normas e medidas de carácter organizativo e tecnolóxico que se recollen no Protocolo**

Mantense a vixencia das demais normas e medidas de carácter organizativo e tecnolóxico que se recollen no Protocolo de actuación e organización nos órganos xudiciais no ámbito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segunda versión actualizada, aprobada polo Pleno da Sala de Goberno do TSXG, en sesión do 14 de xaneiro 2022.

Tales normas e medidas foron adoptadas no marco dunha crise sanitaria derivada da COVID-19, na que aínda nos atopamos, e seguen sendo necesarias para evitar situacións de contaxio.

A modificación da obrigatoriedade do uso de máscaras, que ten lugar polo Real decreto 286/2022, forma parte das modificacións nas estratexias de control da epidemia. Pero a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 permanece, e con ela a vixencia das demais normas e medidas de carácter organizativo e tecnolóxico que se recollen no noso Protocolo de actuación, ata que o Goberno declare a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola

COVID-19 ou se aprobe algunha norma legal ou regulamentaria que as deixe sen efecto (Disposición transitoria segunda da Lei 3/2020, do 18 de setembro).

*Esta modificación foi aprobada polo Pleno da Sala de Goberno do TSXG, en sesión do 22 de abril 2022, e substitúe as versións anteriores.*

## ANEXO I

### NORMAS SANITARIAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO NOS EDIFICIOS XUDICIAIS

#### A) Entrada, saída e permanencia no edificio:

- 1.- Procurarase que a entrada e a saída do edificio se faga a través de distintos accesos.
- 2.- Prohíbese a entrada ao edificio con guantes.
- 3.- Prohíbese o acceso ao edificio de toda persoa que mostre síntomas comunmente compatibles coa COVID-19.
- 4.- Con carácter xeral, queda prohibida a entrada indiscriminada de persoas con motivo da adquisición de boletos de lotería, tarxetas de homenaxe e similares.
- 5.- A visita de persoas no edificio xudicial, que non vaian desenvolver un labor profesional, requirirá cita previa.
- 6.- A concorrencia excesiva de persoas no acceso ao edificio facultará as forzas de seguridade para suspender transitoriamente a entrada.
7. Autorizarase a entrada aos edificios xudiciais e aos xulgados —se as circunstancias de capacidade o permiten— á persoa que acompañe as vítimas dos delitos.
8. Recoméndase o uso responsable e continuado de máscara para o acceso ao edificio xudicial e aos espazos comúns durante todo o tempo de permanencia neles.
9. Recoméndase o uso responsable e continuado de máscara nos despachos e oficinas do edificio xudicial.
- 10.- Manterase sempre a distancia interpersoal de 1,5 metros na interacción en todos os eixos de relación: lateral, anterior e posterior.
11. Utilizaranse individualmente os ascensores no caso de que non se poida manter a distancia interpersoal de seguridade.
12. Cubrirase o nariz e boca ao tusir e esbirrar, preferentemente cun pano desbotable.
13. Evitarase tocar os ollos, nariz ou boca.
14. Non se compartirán obxectos ou utensilios de oficina e evitarase o contacto con superficies compartidas: botóns de ascensores, pomos de portas etc.
15. Prohíbese a colocación de obstáculos que impidan o acceso ao edificio xudicial e ás oficinas xudiciais.

#### B) Circulación e estancia no edificio:

- 1.- Efectuarase sempre polo lado dereito dos corredores e escaleiras.
- 2.- Efectuarase o lavado de mans con frecuencia, con carácter preferente ao uso de xeles hidroalcohólicos.
- 3.- Nas oficinas que teñan atención ao público, admítese o uso de pantallas protectoras.

#### C) Celebración de actuacións xudiciais:

- 1.- Entre unha vista/xuízo/dilixencia e outra ventilaranse as salas de vistas e asegurarse a limpeza, no que resulte necesario.
- 2.- Quen exerza a policía de estrados ou dirixa calquera acto xudicial ou gubernativo, poderá redistribuír os asentos na sala de vistas para garantir a distancia de seguridade, así como aconsellar o uso responsable e continuado de máscara.

De non poder garantir a distancia de seguridade, de polo menos 1,5 metros, se non hai unha adecuada ventilación da estancia ou se asiste unha persoa con síntomas comunmente compatibles coa COVID-19, quen exerza a policía de estrados ou dirixa calquera acto xudicial ou gubernativo, e co fin de evitar a súa suspensión, poderá impoñer o uso da máscara durante todo o tempo de duración do acto. Nestes casos, puntualmente e por razóns excepcionais, se quen interveña na celebración dun acto procesual non pode expresarse coa suficiente claridade ou non pode facerse entender, poderáselle permitir a retirada da máscara parcialmente e polo instante necesario para emitir a palabra ou frase coa que a persoa se queira expresar, sempre que se respecte a distancia interpersoal.

- 3.- Prohibirase tocar os micrófonos e os equipos audiovisuais.
- 4.- Dispénsase o uso da toga a avogados/as e procuradores/as.

ANEXO II

**RECOMÉNDASE O USO  
RESPONSABLE E CONTINUADO  
DE MÁSCARA  
RECOMÉNDASE O USO  
RESPONSABLE DE MÁSCARA**